

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 11 de maio de 2026 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado da senda peonil na AC-424 en Corme (Ponteceso), de clave AC/25/028.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido. Actuación susceptible de ser cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, recolle no seu artigo 6.2 aqueles elementos que teñen a consideración de elementos funcionais da estrada, entre os cales se atopan os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas. Así mesmo, o Consello da Xunta de Galicia aprobou, o 6 de maio de 2024, a Estratexia galega de mobilidade, cuxo obxectivo é analizar e planificar en todo o seu conxunto a mobilidade na Comunidade Autónoma de Galicia e adaptala aos retos da sociedade do futuro en materia de mobilidade sustentable.

Mediante a Resolución da directora da Axencia Galega de Infraestruturas do 27 de abril de 2026 aprobouse provisionalmente o proxecto referido, que se tramitará segundo o disposto na Lei 8/2013 e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Someter ao trámite de información pública o proxecto de trazado da senda peonil na AC-424 en Corme (Ponteceso), de clave AC/25/028.06, no concello de Ponteceso (A Coruña), para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular, mediante un escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que crean convenientes relativas á concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, de ser o caso, de acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei 8/2013 e no artigo 50 do Decreto 66/2016.

Segundo. Someter ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, descritos na relación anexa, para que cal-



quera persoa poida achegar por escrito a rectificación dos posibles erros da relación publicada ou opoñerse á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos aos da relación ao fin que se persegue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

Cuarto. O prazo para presentar alegacións será de trinta (30) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación do proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas, no Servizo de Infraestruturas da Coruña, na casa do concello de Ponteceso e na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, onde tamén figura un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación:

<https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/informacion-publica/estudos>

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2026

María Deza Martínez
Directora da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO
Relación de bens, dereitos e propietarios afectados
Senda peonil na AC-424 en Corme (Ponteceso)
Clave AC/25/028.06
Concello de Ponteceso

Nº	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Titular	NIF	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Expropiación m²	Ocupación temporal m²	Bens afectados					
									Cant.	Ud.	Descripción			
1	15069A08100752	081	00752	Manuel Martínez Méndez	***5802**	Rural	22,59							
2	15069A08100753	081	00753	José Moreira Méndez	***7162**	Rural	90,57							
3	4410201NH0941S	44102	01	Ramón González Rodríguez	***6142**	Urbanizado	45,23		45,23	m²	Soleira formigón			
4	4410202NH0941S	44102	02	Josefa Lema Camiño	***7901**	Urbanizado	55,04		7,00	m	Muro pedra sobre pedra			
5	4410203NH0941S	44102	03	José Blanco Blanco	***4824**	Urbanizado	65,49							
6	4410204NH0941S	44102	04	Jesús Castro Castro	***7928**	Urbanizado	20,08		20,00	m	Malla de ovella			
									2	ud	Poste			
									1	ud	Portalón			
7	4410901NH0941S	44109	01	Manuel Varela Canizas	***7746**	Urbanizado	11,40							
				Celia Nuñel Pérez	*****									
8	4510408NH0941S	45104	08	Eusebio Centeno Ferreiro	***3421**	Urbanizado	0,85	76,49	10,50	m³	Muro formigón			
									13,00	m	Peche celosía			
9	4510401NH0941S	45104	01	Manuela Álvarez Blanco	***7861**	Urbanizado	59,49		19,80	m³	Muro formigón			
				Manuel Facal Pailos (herdeiros)	***6388**				44,00	m	Malla de ovella			
									44,00	m	Sebe viva			
									1	ud	Portalón			
10	4610514NH0941S	46105	14	Teresa Moreira Varela	***4494**	Urbanizado	57,88		17,00	m³	Muro cachotaría			
				Jesús Manuel Lema Rodríguez (herdeiros)	***2021**							1	ud	Traslado contador
				Luis Manuel Moreira Varela	***5247**							3,00	m²	Soleira formigón
				Lucía Suárez Suárez	***3110**									



Nº	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Titular	NIF	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Expropiación m²	Ocupación temporal m²	Bens afectados		
									Cant.	Ud.	Descrición
11	4610515NH0941S	46105	15	Jesús Méndez Alvarellós	*****	Urbanizado	76,08				
12	4610516NH0941S	46105	16	María Luz Varela Varela	***5992**	Urbanizado	129,00				
13	4610501NH0941S	46105	01	Enrique Manuel Suárez Torrado	***3237**	Urbanizado	76,89		51,00	m	Muro pedra sobre pedra
14	4711902NH0941S	47119	02	Ramón Puñal Castro	***1373**	Urbanizado	33,47		5,10	m²	Muro bloques
									13,00	m	Sebe viva
15	4711903NH0941S	47119	03	María Dolores Facal Méndez	***3734**	Urbanizado	172,64		38,00	m	Sebe viva
16	4711904NH0941S	47119	04	Lucinda Facal Castro	*****	Urbanizado	43,36				
17	4711905NH0941S	47119	05	Modesto Puñal Nuñel	***1372**	Urbanizado	48,00				
18	4811601NH0941S	48116	01	UFD Distribución Electricidad, S.A.	A63222533	Urbanizado	6,21		4,00	m²	Ruínas
19	4811602NH0941S	48116	02	José Méndez Puñal	***7892**	Urbanizado	38,29		14,00	m³	Muro cachotaría
				Manuela Puñal Lema	***5409**						
				María Graciana Fuentes Collazo	***3085**						
				María Manuela Puñal Castro	***5247**						
20	4811603NH0941S	48116	03	Manuela Puñal Lema	***5409**	Urbanizado	19,31		4,40	m	Muro pedra sobre pedra
21	4811604NH0941S	48116	04	Luisa Doldán Vecino	***7176**	Urbanizado	19,44		5,20	m	Muro pedra sobre pedra
									1	ud	Porta
22	4811605NH0941S	48116	05	María Josefa Cotelo Ouréns	***0308**	Urbanizado	20,99		6,00	m³	Muro cachotaría
									2	ud	Árbore xardín
									1	ud	Árbore froiteira pequena
									1	ud	Planta ornamental